

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE OUTUBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Manzaneda dun treito da estrada provincial OU-0701 Cabalar (OU-636) – Vilariño de Conso.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Redondela da estrada PO-363 na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Oia duns treitos antigos da estrada PO-552, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas a compensar as perdas por cancelacións de reservas nos establecementos de aloxamento turístico da Comunidade Autónoma de Galicia afectados polos incendios forestais durante o verán de 2025, e se efectúa a súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a execución da actuación Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextgenerationEU, por importe de dez millóns oitocentos cincuenta e seis mil setenta e catro euros con seis céntimos (10.856.074,06 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a tramitación do expediente de gasto relativo á modificación do contrato da obra Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña), por un importe dun millón douscentos sesenta e tres mil novecentos vinte e un euros con sesenta e sete céntimos (1.263.921,67 €), e un valor estimado dun millón corenta e catro mil cincocentos sesenta e tres euros con trinta e seis céntimos (1.044.563,36 €), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextgenerationEU.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa reguladora das subvencións de Galicia na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas para compensar os gastos do servizo de comedor das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social para o curso 2025/26 e se procede á súa convocatoria. Importe: un millón douscentos trinta e sete mil cento tres euros (1.237.103,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a execución do programa de acollemento residencial de primeira acollida con carácter de urxencia. Importe do orzamento do programa: catro millóns catrocentos sesenta e sete mil trescentos oitenta e oito euros con cincuenta céntimos (4.467.388,50€), incluído IVE. Valor estimado: dezasete millóns trescentos noventa e cinco mil setecentos corenta e catro euros con corenta e dous céntimos (17.395.744,42 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a xestión do Programa FSE+ de asistencia material básica (Programa básico) na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado pola Unión Europea. Importe do orzamento do programa: vinte e catro millóns cento vinte e oito mil cento trinta e nove euros (24.128.139,00 €). Valor estimado: trinta e seis millóns cento noventa e dous mil douscentos oito euros con cincuenta céntimos (36.192.208,50 €).

CONSELLERÍA E ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de enerxía fotovoltaica no sector residencial, en ámbitos non urbanos, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, para o ano 2025, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental Conversión en autovía do corredor Nadelá - Sarria. Treito: Nadelá - A Pobra de San Xiao, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e sete millóns trescentos oitenta e un mil trescentos cincuenta e dous euros con corenta e un céntimos (37.381.352,41 €).
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello de Marín.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Bande para levar a cabo os equipamentos para a Reitoral de Santa Comba de Bande, por importe de cento sesenta e seis mil dezasete euros con cincuenta e catro céntimos (166.017,54 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B ou C, competencia deste departamento, ou de formación no traballo do Catálogo de especialidades formativas do Servicio Público de Emprego Estatal correspondentes aos exercicios 2025 e 2026, por un importe total de dez millóns sesenta mil euros (10.060.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se regula o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia da formación agraria e da protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos e a expedición das acreditacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da adxudicación das obras de reposición da cuberta e acondicionamento do edificio dos departamentos no porto de Fisterra, proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), cun importe de adxudicación de trescentos dezaoto mil cento vinte e un euros con dez céntimos (318.121,10 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se toma razón da adxudicación das obras de rehabilitación e aumento da vida útil do acceso á illa das Goritas no porto de Cambados-Tragove, cun importe de adxudicación de catrocentos tres mil trescentos trinta e tres euros con trinta e tres céntimos (403.333,33 €), IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o nomeamento dos membros do Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a evolución do risco de pobreza e/ou exclusión social en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a reprogramación dos programas operativos Feder e FSE+ Galicia 2021-2027.
- Informe sobre o desenvolvemento e cooperación dixital coas entidades locais galegas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a saúde das mulleres en atención primaria. Documento de apoio para fomentar a perspectiva de xénero.
- Informe sobre a iniciativa dos programas galegos de detección precoz de cancro nas institucións penitenciarias.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe de situación dos proxectos de voluntariado interxeracional 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o protocolo de prevención e actuación ante situacións de violencia laboral externa no servizo de axuda no fogar (SAF).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a prestación do servizo de asesoramento a persoas que desexan incorporarse á actividade agraria e as persoas interesadas en ceder a explotación agraria por cesamento da actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MANZANEDA DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA CABALAR E VILARIÑO DE CONSO

- Transfírense á Administración local o treito de 930 metros da OU-0701, comprendido entre o punto quilométrico 5+730 e o 6+660
A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Manzaneda do treito da vía provincial OU-0701 que comunica Cabalar e Vilariño de Conso.

A Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Manzaneda, logo da ratificación dos acordos plenarios correspondentes, acordaron o cambio de titularidade a prol do Concello de Manzaneda do treito de 930 metros de lonxitude da citada estrada provincial, comprendido entre o punto quilométrico 5+730 e o 6+660.

A transferencia deste treito a prol do Concello ourensán tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Manzaneda terá a competencia para actuar neste treito de 930 metros de lonxitude da OU-0701, comprendido entre o punto quilométrico 5+730 e o 6+660.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE REDONDELA DA AVENIDA MENDIÑO, A ESTRADA PO-363

- O cambio de titularidade desta vía dun quilómetro inclúese no convenio xa asinado pola Administración autonómica co Concello para a mellora da seguridade e reordenación da estrada, que conta cun orzamento total de 1,6M €
- O Goberno galego segue a cooperar con concellos na mellora das contornas urbanas, de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos no obxectivo da revitalización do territorio e o reequilibrio territorial

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Redondela da avenida de Mendiño, a estrada PO-363, que discorre entre o núcleo urbano do municipio e o porto e praia de Cesantes.

O cambio de titularidade desta vía dun quilómetro de lonxitude é unha das actuacións previstas no convenio asinado en xullo pola Administración autonómica e o Concello para abordar a mellora da seguridade e a reordenación deste treito, que conta cun orzamento total de 1,6 M €.

Con base neste acordo de colaboración, a Xunta cofinancia estes traballos que permitirán a transformación deste treito en vía urbana, aportando un 73 % do orzamento (1,1M €) ademais de tramitar o cambio de titularidade de todo o dominio público da vía antes da adxudicación das obras polo Concello de Redondela.

Pola súa banda, o Concello de Redondela completará o financiamento da obra (433.268 euros), encargarse da redacción do proxecto, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e, co cambio de titularidade, terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Redondela tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Goberno galego segue a cooperar con concellos na mellora das contornas urbanas, de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos no obxectivo da revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE OIA DE TRES ANTIGOS TREITOS DA ESTRADA PO-552 CON FUNCIONALIDADE ESTRITAMENTE LOCAL

- Transfírense á Administración local o treito antigo de 220m de lonxitude, que conecta a PO-552 na súa marxe esquerda, á altura dos quilómetros 22+530 e 22+710, e o treito antigo de 848m á altura dos quilómetros 27+700 e 28+440
- Neste acordo, inclúese tamén a transferencia do treito antigo de 136 metros que conecta a PO-552 na súa marxe dereita, á altura dos quilómetros 34+110 e 34+230
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Oia de tres treitos antigos da estrada autonómica PO-552, xunto co seu dominio público viario, que serven fundamentalmente de acceso aos predios lindeiros, sendo a súa funcionalidade estritamente local.

Trátase, concretamente, do treito antigo de 220 metros de lonxitude, que conecta a PO-552 na súa marxe esquerda, á altura dos puntos quilométricos 22+530 e 22+710, e do treito antigo de 848 metros, que conecta a estrada autonómica na súa marxe dereita, á altura dos puntos quilométricos 27+700 e 28+440.

Neste acordo inclúese tamén a transferencia do treito antigo de 136 metros que conecta a PO-552 na súa marxe dereita, á altura dos puntos quilométrico 34+110 e 34+230.

O Concello de Oia e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de infraestruturas, acordaron a transferencia de titularidade destas vías.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Oia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello de Oia terá a competencia para actuar nestes treitos antigos da estrada autonómica PO-552, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.


O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos antigos da PO-552 obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA AXUDAS DE ATA 2.500 EUROS PARA COMPENSAR AS CANCELACIÓNS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS AFECTADOS POLOS LUMES ESTE VERÁN

- A convocatoria publicarase proximamente no Diario Oficial de Galicia
- Trátase da segunda medida das destinadas a paliar os efectos do lume no sector turístico, tras do lanzamento da campaña promocional 'E se a calidade fose un lugar?'

O Consello da Xunta vén de autorizar a convocatoria dunha liña de subvencións específicas destinadas a paliar os danos no sector turismo dos incendios forestais que afectaron a Galicia no verán de 2025. En concreto, estas axudas céntranse na compensación a aqueles establecementos que sufriron cancelacións e que experimentaron, así, unha diminución na súa facturación por mor da vaga de lumes.

O importe máximo de cada axuda será dun 25% do equivalente á perda de facturación sufrida durante o período de referencia en comparación co mesmo período do ano anterior, cun límite máximo de 2.500€ por persoa beneficiaria. As axudas son compatibles con outras achegas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, sempre que o importe total non supere o dos gastos.

A convocatoria establece que poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e albergues turísticos, que teñan autorizado ou clasificado o establecemento turístico para o que se solicita a axuda. No caso de empresas, deben estar comprendidas na definición de pequena e mediana empresa. O seguinte paso será a publicación proximamente da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Axudas ao sector turismo

As achegas súmanse ás convocadas a finais de agosto de 2025 centradas na reparación dos danos orixinados polos incendios nas edificacións, instalacións, maquinaria e mercadorías, así como nos vehículos relacionados coa súa actividade. Constitúe, ademais, a segunda das medidas específicas deseñadas pola Xunta de Galicia para o sector turismo, tras da presentación, a finais de setembro, da campaña promocional 'E se a calidade fose un lugar?'

Está previsto, ademais, o lanzamento dun novo programa de produtos turísticos, da man da Asociación Galega de Axencias de Viaxe (Agavi), para promover as pernoctacións, así como o reforzo a iniciativas xa existentes. A cuarta acción será unha microcampaña de difusión para que se poidan promover os concellos e establecementos das zonas máis afectadas polos incendios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, todas estas liñas de axudas suman un montante de máis de 3,6M€ dirixidos a axudar de xeito específico ao sector turístico galego ante os efectos provocados polos incendios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA INCREMENTAR ATA OS 10,8 M € O CONVENIO CO CONCELLO DE PADRÓN PARA AMPLIAR A ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE

- O proxecto modifícase en 1,2 M € para solucionar aspectos que xurdiron logo do inicio da actuación como a estabilización dun noiro, a reparación estrutural de vigas e piares nos depósitos de distribución e a reforma da liña de lodos
- A ampliación da ETAP beneficiará nove concellos e a previsión é dar servizo a unha poboación potencial de preto de 90.000 habitantes no ano horizonte 2044

A Xunta de Galicia investirá preto de 10,8 millóns de euros nas obras de ampliación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Padrón, logo de que o Consello autorizara hoxe a modificación do contrato con 1,2 millóns de euros máis do previsto - 9,5 millóns de euros-.

En concreto, cómpre modificar o proxecto pola aparición de diversas circunstancias que imposibilitan levalo a cabo tal e como estaba deseñado nun inicio. Así, despois de que os traballos previos de limpeza e escavación das inmediacións do noiro que delimita a plataforma en que se localiza a ETAP provocasen varios desprendementos de rochas, é preciso levar a cabo tarefas de mantemento e estabilización terreo no devandito noiro.

A maiores, tamén se inclúe neste modificado a reparación estrutural de vigas e piares nos depósitos de distribución e a reforma da liña de lodos para adaptala ás concentracións existentes.

O custo da ampliación da ETAP de Padrón será asumido na súa totalidade por Augas de Galicia e conta con financiamento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O obxectivo da actuación é ampliar a capacidade de tratamento actual da estación para pasar dos 450 litros por segundo que ten hoxe ata os 610 l/s, é dicir, un incremento do 40 % que beneficiará nove concellos -Padrón, Dodro, Catoira, Valga, Ribeira, Pontecesures, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Rianxo-. En total, a previsión é dar servizo a unha poboación potencial de preto de 90.000 habitantes no ano horizonte 2044.

A estación de tratamento de auga potable de Padrón —localizada preto do núcleo de Casal, nas proximidades do río Ulla— está operativa desde o ano 1996, polo que resultaba necesario acometer a súa ampliación. O obxectivo do Goberno galego é que as obras de mellora conclúan no primeiro trimestre do ano 2026.

Esta actuación enmárcase na colaboración tanto técnica como económica que mantén desde hai anos Augas de Galicia cos concellos —que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,2 M € PARA SUBVENCIONAR O SERVIZO DE COMEDOR DAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL

- Estes centros poderanse acoller aos prezos para este servizo que rexen para as escolas infantís da rede pública autonómica
- As familias aboarán o comedor en función da renda, cun pagamento máximo de 74 euros mensuais e gratuidade para aquelas con menos ingresos

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas destinadas a financiar o servizo de comedor das escolas infantís de iniciativa social, nas cales a atención educativa xa é 100 % gratuíta para todas as familias usuarias. O orzamento desta liña de subvencións para o actual curso 2025/26 supera os 1,2 millóns de euros.

Esta orde de achegas permite que estas escolas dependentes de entidades sociais sen ánimo de lucro oferten o servizo de comedor a prezos reducidos, é dicir, co mesmo custo que rexe para as escolas infantís da rede pública autonómica.

A través desta convocatoria, que en vindeiros días se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), as familias que levan os seus fillos a estes centros pagarán o comedor en función das súas rendas. Así, o prezo máximo que terán que aboar son 74 euros mensuais e as familias con menos ingresos terán o comedor gratuíto.

No curso pasado acolléronse a esta orde de achegas 43 centros de 0 a 3 anos dependentes de entidades sociais, sumando un total de 2.172 prazas.

Apoio aos fogares

Esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego por apoiar as familias na crianza dos fillos, con medidas como a gratuidade para todo o alumnado do 100 % das escolas infantís, sexan públicas, de iniciativa social ou privadas ou a Tarxeta Benvida, que permite sufragar os gastos que supón a chegada dun novo membro á familia.

Outras iniciativas neste ámbito son: o Bono Concilia Familia, para as familias en que os proxenitores traballan e teñen que contratar un servizo de conciliación a domicilio ou un campamento; e as Casas Niño, que ofrecen unha atención gratuíta a máis de 500 familias que viven en concellos rurais onde non hai unha escola infantil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 4,5 M€ NOS VINDEIROS CATRO ANOS PARA REFORZAR A UNIDADE DE PRIMEIRA ACOLLIDA PARA A PROTECCIÓN DE NENOS E ADOLESCENTES, SITUADA EN BARRO

- O Consello da Xunta dá luz verde á convocatoria dun concerto social para asignar a xestión deste centro de referencia en Galicia para realizar acollementos residenciais de emerxencia ante graves situacións de desamparo
- Amplíase a capacidade do servizo ata as 11 prazas e refórzase o persoal

O Executivo autonómico reforzará a Unidade de Primeira Acollida (UPA) de Barro, en Pontevedra, cun investimento de case 4,5 millóns de euros sufragados pola Xunta ata o ano 2029. Este centro, en funcionamento desde o ano 2019, é o servizo de referencia en Galicia para realizar acollementos residenciais de emerxencia cando se detecta algún caso de nenos ou adolescentes en desamparo.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a convocatoria dun concerto social para asignar a xestión desta casa de primeira acollida durante os próximos catro anos, con posibilidade de prórroga ata o 2035. En caso de executarse estas prórrogas, o valor estimado do concerto é de 17,4 millóns de euros.

A UPA é o único centro na nosa comunidade especializado na atención a menores que quedan en situación de desprotección grave e cuxa tutela ou garda asume a Administración autonómica. Así, a través desta unidade, actúase de xeito inmediato para facerse cargo deles ante situacións de máxima urxencia que aconsellen o seu ingreso nunha institución, en tanto se avalían as circunstancias nas que se atopan.

Na actualidade, este centro é xestionado pola entidade de iniciativa social Berce por medio dun contrato administrativo que remata a súa vixencia. O concerto social, ademais de darlle máis estabilidade ao servizo, permite aumentar a capacidade do centro unha praza máis, ata chegar ás 11; así como reforzar o persoal especializado co que conta: educadores sociais, psicólogos, persoal de apoio, etc.

A entidade do ámbito social que resulte adxudicataria deste concerto encargarse do aloxamento temporal dos nenos e adolescentes derivados a este servizo, en funcionamento as 24 horas do día os 365 días do ano; así como de proporcionarlles a atención, a educación e a formación axeitada. Tamén levará a cabo unha intervención individualizada con cada menor e, de ser o caso, coas súas familias de orixe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AUTORIZA O CONCERTO SOCIAL PARA ASIGNAR A XESTIÓN DO PROGRAMA BÁSICO OS VINDEIROS CATRO ANOS

- Asegura que o obxectivo é “dotar de estabilidade e flexibilidade” a este programa destinado a apoiar aos fogares con fillos en situación de pobreza severa
- Destínanse máis de 24 M€ a tarxetas ou vales cos que estas familias poidan mercar produtos básicos de hixiene e alimentación
- A conselleira de Política Social salienta que se trata dun programa con fondos europeos semellante á Tarxeta Básica que Galicia implantou “de xeito pioneiro” durante a pandemia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello “deu luz verde ao concerto social para a xestión do Programa Básico, o que permitirá dotalo de estabilidade e flexibilidade”. Trátase dunha iniciativa de carácter estatal sufragada maioritariamente con fondos europeos e cuxo desenvolvemento recae nas comunidades autónomas.

Tal e como explicou o presidente, o obxectivo é “seguir reducindo a taxa de pobreza en Galicia” e manter os datos dos últimos informes que amosan que “a comunidade acadou unha importante melloría nos indicadores que miden a vulnerabilidade das familias”.

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, resaltou na súa intervención a aposta da Xunta por medidas pioneiras á hora de apoiar a familias vulnerables como foi no seu momento a Tarxeta básica que recibiron “75.000 persoas durante a pandemia”. “Un modelo que non deixou indiferente e que que o Goberno central imitou o pasado ano coa posta en marcha do Programa Básico”, indicou a conselleira, quen lembrou que se trata duna axuda que pon tarxetas ou vales á disposición das familias con fillos “para que merquen produtos básicos de hixiene e alimentación”.

Este concerto social estará vixente durante catro anos, ata xuño 2029, cun investimento de 24,1 millóns de euros. As tarxetas moedeiro que se entregarán ás familias terán unha validez de 12 meses prorrogables e as súas contías oscilarán entre os 130 euros e os 220 euros mensuais, en función da composición da unidade familiar. Estas poderán empregarse nos establecementos colaboradores do programa.

As solicitudes de acceso a dispoñer destas tarxetas tramitarase a través dos servizos sociais dos concellos. A entidade social que resulte adxudicataria deste concerto encargárase da distribución das tarxetas, de facilitar información sobre os recursos sociais dispoñibles e de proporcionar medidas de acompañamento social ás persoas beneficiarias do programa, tales como o asesoramento sobre a xestión dun orzamento doméstico e a promoción de hábitos de alimentación saudables.

A conselleira salientou que a previsión é que “8.000 persoas se beneficien este ano” deste programa que no 2024 xestionou Cruz Vermella a través dun convenio de colaboración e durante o cal se executaron todos os fondos asignados a Galicia. A resolución das bases do concerto publicarase proximamente no *Diario Oficial de Galicia*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(DOG) e a continuación abrírase o prazo de presentación de solicitudes e posterior resolución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 33 % AS AXUDAS PARA APOIAR PROXECTOS DE AUTOCONSUMO FOTOVOLTAICO IMPULSADOS POR PARTICULARES NO RURAL GALEGO

- O Consello aproba as bases da convocatoria en réxime de concorrència competitiva, que este ano contará con 2 millóns de euros para seguir fomentando o uso de enerxías renovables, así como a cultura do aforro enerxético
- Os apoios, que se conceden en réxime de concorrència competitiva, serán do 50 % do investimento elixible da instalación, cun máximo de 4.000 € por vivenda, que pode ascender aos 6.000 no caso de que se instalen baterías. Para proxectos multivivenda establécese unha contía máxima de 25.000 €

O Consello da Xunta aprobou esta mañá as bases da convocatoria para apoiar proxectos de instalacións fotovoltaica impulsados por particulares en ámbitos rurais de Galicia. A nova liña de axudas contará cun orzamento de 2 M €, un 33 % máis que na convocatoria anterior, e prevé conseguir unha redución no consumo enerxético anual de enerxías fósiles equivalente a 3.000 Mwh e unha mobilización de 4,5 millóns de euros.

O programa de axudas aprobado esta mañá é o segundo para subvencións a proxectos de instalacións solares fotovoltaicas para particulares que realiza o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) con fondos Feader-PEPAC 2023-2027, e a cuarta do mesmo tipo sen ter en conta a procedencia dos fondos. De feito, desde o ano 2019, o Inega leva destinados máis de 44 millóns de euros para impulsar proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidos a este colectivo, que permitiron a concesión de 4.281 axudas. Nomeadamente e respecto da convocatoria de 2024, outorgáronse 18 solicitudes cun orzamento total de 1,5 M €.

Os destinatarios da nova convocatoria aprobada hoxe son as persoas físicas, as comunidades e mancomunidades de veciños e, como novidade, inclúense tamén as sociedades patrimoniais de tenza ou de arrendamento de inmobles titulares de calquera dereito sobre un inmoble de carácter residencial. En todos os casos, as actuacións subvencionables deberán realizarse en vivendas ou edificios do sector residencial localizadas en ámbitos non urbanos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta ás actividades subvencionables, a convocatoria inclúe os investimentos en paneis solares fotovoltaicos, o acondicionamento da enerxía eléctrica (inversores, convertedores, reguladores, cadros eléctricos, elementos de interconexión, proteccións, cablaxe, equipamentos de medida etc.), monitorización (sensores, adquisición de datos, comunicación remota etc.) e sistemas de acumulación con baterías de litio, así como o resto de accesorios para o correcto funcionamento do sistema. Tamén se subvenciona o custo da montaxe e conexión e a dirección de obra. As actuacións non poderán estar iniciadas nin contratadas con anterioridade á presentación da solicitude.

A intensidade da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación, cun máximo de 4.000 € por vivenda, que pode ascender aos 6.000 no caso de que se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

instalen baterías. Para proxectos multivivenda establécese unha contía máxima de 25.000 €. De concorrencia competitiva, na valoración de solicitudes teranse en conta criterios técnicos, de consumo e xeográficos/demográficos.

Entidades colaboradoras

A nova convocatoria de axudas tamén inclúe os requisitos que deberán cumprir aquelas empresas que queiran participar como entidades colaboradoras que, en todo caso, deberán estar dadas de alta na Consellería de Economía e Industria para a xestión de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica ou ben como empresas con actividade de instalación de baixa tensión.

Elas serán as encargadas da comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes das axudas e do conxunto da actuación, de realizar os trámites para solicitar o apoio ante o Inega, así como a xustificación posterior. E para sumarse, a entidade colaboradora deberá presentar unha solicitude de adhesión e o convenio de colaboración. No caso das entidades que xa figuren como asociadas ao convenio do ano 2024, poderán empregar o trámite de adhesión simplificado sen necesidade de presentar de novo a documentación.

A convocatoria publicaranse mañá no *Diario Oficial de Galicia*. As entidades interesadas poderán adherirse a partir do 15 de outubro e ata o 7 de novembro e o prazo para os particulares abrirá o 31 de outubro e finalizará o 1 de decembro. Deste xeito, o Goberno galego continúa coa súa aposta polo fomento do autoconsumo e uso racional da enerxía nos fogares, a descarbonización no consumo de enerxía primaria e a redución da dependencia enerxética e as emisións de gases de efecto invernadoiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DO DESDOBRAMENTO DO TREITO NADELA-A POBRA DE SAN XIAO, QUE CONCLUIRÁ A AUTOVÍA QUE UNIRÁ LUGO E SARRIA

- Rueda enmarca esta medida no gran esforzo do Executivo autonómico en materia de infraestruturas viarias e salienta que esta vía dará servizo a 100.000 veciños
- Destaca que a intervención suporá un investimento de 37,4 M € e permitirá actuar no treito de 13,5 quilómetros do corredor Nadela-Sarria, que se inicia na glorieta de Nadela e finaliza no enlace da Pobra de San Xiao, xa en servizo desde novembro do 2022
- Estase a supervisar xa o proxecto construtivo para licitar as obras canto antes e poder inicialas en 2026

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou esta mañá de que o Consello aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para culminar a transformación do corredor Nadela-Sarria nunha vía de alta capacidade. Deste xeito, salientou, quedará rematada a autovía entre Lugo e Sarria “que dá servizo no eixo que atravesa a aproximadamente 100.000 veciños e veciñas”.

Unha medida que se enmarca, segundo resaltou, no intenso traballo e esforzo en materia de construción e mellora das estradas que está a realizar o Executivo autonómico e que permitiu rescatar no 2024 catro autovías autonómicas coas que a Xunta aforra 30 millóns ao ano en peaxes en sombra “que se están dedidando a novas infraestruturas”.

En concreto, o Consello deu luz verde ao proxecto e o estudo de impacto ambiental do treito Nadela-A Pobra de San Xiao, ao seu paso polos concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, que suporá un investimento de 37,4M €.

Trátase da conversión en autovía do último treito do corredor Nadela-Sarria (CG-2.2) para completar o desdoblamento. Cómpre lembrar que a primeira fase dos traballos de desdoblamento do corredor en autovía —un total de 9,7 quilómetros entre A Pobra de San Xiao e Sarria— se abriu ao tráfico en novembro do ano 2022, tras investir 25 M €.

Neste caso, o treito terá unha lonxitude de 13,5 quilómetros, e iniciase na glorieta de Nadela e finaliza no enlace da Pobra de San Xiao, xa en servizo, posibilitando concluír a autovía que conectará a capital lucense con Sarria.

A nova calzada proxéctase paralela á existente sobre a marxe esquerda CG-2.2, en sentido Lugo. A orixe do trazado localízase na glorieta de Nadela de titularidade estatal, a que tamén conecta as autovías A-6 e A-54, e as estradas N-VI, LU-11 e LU-546.

Entre as intervencións singulares proxectadas ao longo do trazado definido destacan os enlaces do Corgo (no punto quilométrico. 5+200) e de Maceda (quilómetro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

10+500), xa preparados para a sección de autovía, e un cruzamento de vía baixo a autovía A-54 (quilómetro 0+300).

O trazado inclúe a execución de dous viadutos paralelos aos existentes (o do río Chamoso e o do Neira), a ampliación de 13 pasos superiores existentes e a prolongación de 7 pasos inferiores.

Tamén se prevén 11 obras de drenaxe transversal, a execución de dous muros de contención con noiro de desmonte no primeiro quilómetro do trazado, e os correspondentes axustes para o correcto enlace entre o treito finalizado e o novo.


Este novo paso para culminar a conversión do corredor Nadela-Sarria nunha vía de alta capacidade, que se denomina AG-22, permitirá acurtar o tempo de viaxe e adiantar sen risco, debido a que contará con dúas calzadas con dous carrís cada unha. Neste sentido, tal e como lembrou o presidente, unha área de 100.000 persoas beneficiarase desta vía que estará limitada a 120 km/h, ademais dos transportistas que a utilicen para as súas viaxes de traballo.

A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 80 predios necesarios para executar esta intervención.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas está xa a supervisar xa o proxecto construtivo, para licitar as obras en canto se aprobe e iniciar a súa execución no 2026. As obras contan cun prazo de execución de 30 meses.

Planos do trazado do treito da actuación aprobada hoxe polo Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A DECLARACIÓN DE INTERESE AUTONÓMICO DO ÁMBITO PARA DESENVOLVER SOLO RESIDENCIAL PARA 400 VIVENDAS EN MARÍN

- Trátase de desenvolver solo residencial para construír vivendas no ámbito de solo urbanizable delimitado R-2 en Raposeiras, das que un 80 % estarán sometidas a algún réxime de protección pública
- Este proxecto enmárcase na Estratexia galega de solo residencial que ten en marcha a Xunta para desenvolver solo en que facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres
- Están en redacción os PIA para desenvolver 7 ámbitos en Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, Arteixo, Santiago de Compostela e A Coruña e adxudicados os de Vilagarcía e Ramón Nieto en Vigo
- O Goberno galego segue avanzando no obxectivo de pasar das 4.000 ás 8.000 vivendas de promoción pública nesta lexislatura, tendo xa en marcha, en distintas fases de desenvolvemento, preto de 3.000 vivendas públicas

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello de Marín.

A toma en razón deste acordo, ten como obxectivo aprobar a delimitación do ámbito de actuación identificado no planeamento xeral como solo urbanizable delimitado R-2 Raposeiras para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de 400 vivendas, das que un 80 % estarán sometidas a algún réxime de protección pública, neste municipio pontevedrés.

Estes proxectos enmárcase na Estratexia galega de solo residencial que ten en marcha a Xunta, co obxectivo de desenvolver solo en que facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

Cómpre lembrar que están en redacción os proxectos de interese autonómico (PIA) para desenvolver sete ámbitos en Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña e Santiago de Compostela, e adxudicados os de Vilagarcía e Ramón Nieto en Vigo. A través desta primeira fase xa en marcha, prevese urbanizar solo en que construír as primeiras 15.000 vivendas.

Ao tempo, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas continúa avanzando no obxectivo marcado polo Goberno galego nesta lexislatura, de pasar das 4.000 ás 8.000 vivendas de promoción pública, tendo xa en marcha, en distintas fases de desenvolvemento, preto de 3.000 vivendas públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EQUIPA A REITORAL DE BANDE E COMPLETA A SÚA REHABILITACIÓN PARA APROVEITAMENTO TURÍSTICO

A actuación desenvolverase en dúas fases, en que se dotarán de mobiliario, material de cociña, climatización e ventilación as instalacións

O Consello da Xunta deu luz verde este luns a un novo convenio de colaboración destinado a equipar a reitoral de Santa Comba de Bande. Este acordo asegura a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Turismo de Galicia e o Concello de Bande, nunha acción que está taxada en 166.017,54 €.

De acordo co texto aprobado, as tres entidades recoñecen a necesidade de realizar actuacións de carácter sociocultural para garantir unha adecuada oferta, que satisfaga as necesidades en materia cultural.

O proxecto complementa a actuación xa desenvolta pola Xunta de Galicia, que nunha fase anterior se encargou de rehabilitar a reitoral e para completar o proxecto, esta nova actuación permitirá dotala de distinto equipamento.

A Xunta completa así unha actuación iniciada en 2021 coa execución das obras de rehabilitación que tiñan como obxectivo a recuperación deste edificio para dedicado a actividades de dinamización turística.

Esta actuación supuxo un investimento de máis de 400.000 euros e, coa dotación de equipamento de agora, o total investido na Reitoral de Bande achégase aos 600.000 euros. Deste xeito, enriquecese a oferta patrimonial desta comarca ao tempo que se impulsa a proposta turística da comarca da Baixa Limia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA EDICIÓN DE AXUDAS DOTADA CON 10 M€ PARA FACILITAR A PERSOAS DESEMPREGADAS A ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

- O Consello autorizou hoxe a convocatoria 2025/26 destas achegas para o financiamento de gastos de desprazamento, manutención, aloxamento ou conciliación para apoiar a participación destas persoas nas accións formativas impulsadas polo Goberno galego
- Inclúe achegas para persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, con familiares ao seu cargo ou integrantes de familias numerosas ou monoparentais
- A Xunta investiu desde 2019 máis de 51 M € nesta medida que na última convocatoria pechada -a de 2024/25 está activa ata final de mes- beneficiou máis de 21.000 persoas
- Esta acción forma parte da aposta autonómica por potenciar a empregabilidade da cidadanía atendendo ás necesidades e oportunidades do tecido produtivo

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria das axudas directas para facilitar a participación de persoas desempregadas nos cursos para o emprego que impulsa o Goberno galego. Estas bolsas e apoios inclúen financiamento para os gastos de desprazamento, manutención, aloxamento ou conciliación e para a edición 2025/26 desta iniciativa -que sairá publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia*-, o Executivo autonómico destina máis de 10 millóns de euros.

Dentro das persoas beneficiarias desta acción están os colectivos prioritarios nas políticas de emprego, entre eles, persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero ou con familiares ao seu cargo, ademais de integrantes de familias numerosas ou monoparentais. Nesta actuación, a Xunta leva investido máis de 51 millóns de euros desde 2019 e na edición 2023/24 -última pechada, pois a 2024/25 está activa ata final de mes- beneficiou máis de 21.000 persoas.

As accións obxecto de apoio van desde os cursos dos centros propios da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e nas entidades e centros que imparten as accións formativas para desempregados impulsados pola Xunta, ata a participación nas unidades formativas das empresas -un programa dotado no 2025 con 8 millóns de euros-.

Deste xeito, a convocatoria busca potenciar a empregabilidade das persoas beneficiarias, mellorando a súa cualificación con formación adaptada ás demandas do tecido empresarial e ligada ao territorio, como por exemplo a través de microformacións.

Detalles da convocatoria

Aos posibles beneficiarios destas bolsas de formación, a Xunta outorgará achegas de 9 euros por día de clase ao alumnado con polo menos o 33 % de discapacidade, así como a integrantes de familias numerosas ou de carácter monoparental. Estas axudas soben a 10 euros por día para as vítimas da violencia de xénero que tomen parte nas accións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego apoia tamén a asistencia de persoas que teñan ao seu coidado fillas ou fillos, menores de 12 anos en acollida e/ou familiares con dependencia ata o segundo grao, ás cales outorgará unha contía igual ao 75 % do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) diario que estea vixente, para facilitar a súa conciliación.

Ademais, hai achegas para o transporte en vehículo propio (25 €/día de contía máxima), o uso do transporte público urbano ou interurbano (1,5 €/día); de manutención (12 €/día) se a distancia do domicilio supera os 20 quilómetros, e para aloxamento e manutención de ata 80 euros por día tanto para domicilios que disten 100 quilómetros ou máis ou nos cales se careza de servizo de transporte que permita o traslado a diario.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes desde a incorporación á acción formativa ou desde que teña lugar o feito causante da axuda. Polo tanto, o período que abrangue o prazo de solicitudes para esta convocatoria será para as accións formativas que se inicien entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

Pulo á empregabilidade

Esta acción forma parte da aposta da Xunta por potenciar a empregabilidade da cidadanía atendendo ás necesidades do tecido produtivo. Neste ámbito e, co fin de potenciar o talento interno, destaca o pulo á formación para o emprego flexible e á carta das empresas, que a Xunta está a axustar de xeito integral. Isto abarca tanto a formación para persoas sen traballo –con liñas como a pioneira nova orde de accións formativas para desempregados, dotada con 50M €– como para persoas ocupadas. Dentro desta potente aposta tamén se enmarca o futuro decreto de microcredenciais para o emprego, co cal Galicia será a primeira comunidade autónoma en regularlas en consonancia coas recomendacións europeas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ A FORMACIÓN AGRARIA COA UNIFICACIÓN, HARMONIZACIÓN E SIMPLIFICACIÓN DA SÚA NORMATIVA REGULADORA

- O Consello do Goberno galego tomou hoxe razón do inicio da tramitación dun anteproxecto de decreto específico para reunir a lexislación, actualmente dispersa, sobre a participación das entidades colaboradoras da Xunta en materia de formación agraria non regrada
- Integraranse nun marco único catro áreas de formación fundamentais: a incorporación á actividade agraria, o benestar animal, a aplicación e manipulación de fitosanitarios e outras accións formativas en materia agraria
- Entre outras medidas, regularase o rexistro de entidades colaboradoras e concretarase todo o relativo á expedición de carnés, certificados, acreditacións e diplomas cando a persoa solicitante cumpra os requisitos exixidos para a súa emisión

A Xunta continúa traballando para mellorar a formación agraria, a través da harmonización e a simplificación da normativa que regula este ámbito. Así, o Consello do Goberno galego tomou hoxe razón do inicio da tramitación dun decreto específico da Consellería do Medio Rural para unificar e harmonizar a lexislación, actualmente dispersa, sobre a participación das entidades colaboradoras da Xunta nesta materia. Trátase tamén de simplificar os trámites para estas entidades e para a propia Administración, co fin último de mellorar na formación que se ofrece aos profesionais do agro galego.

Así, o novo decreto permitirá integrar nun marco único catro áreas de formación non regrada fundamentais para o eido agrario: a incorporación á actividade agraria, o benestar animal, a aplicación e manipulación de fitosanitarios e outras accións formativas en materia agraria. En todas elas, as entidades colaboradoras deben estar rexistradas e autorizadas e a Administración asumirá, como ata agora, funcións de recoñecemento, homologación, seguimento e expedición de acreditacións.

En canto aos seus contidos, a futura norma definirá o que se considera como entidades colaboradoras, concretará as especialidades formativas que poderán ser impartidas por elas e especificará as modalidades de impartición das especialidades formativas, segundo sexa presencial, teleformación ou aula virtual.

Así mesmo, regularase a homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición e determinaranse tanto os requisitos das entidades colaboradoras para obter o seu recoñecemento e homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición, así como as causas da súa retirada. A maiores, regularase o rexistro de entidades colaboradoras e concretarase todo o relativo á expedición de carnés, certificados, acreditacións e diplomas cando a persoa solicitante cumpra os requisitos exixidos para a súa emisión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Especialidades formativas

En canto ás especialidades formativas, as materias sobre as cales versarán abranguen, por un lado, as vinculadas á formación en materia de agricultura, gandería, industria agroalimentaria, silvicultura e as súas familias. Dentro destas, encádranse as ensinanzas asociadas ao proceso de incorporación á empresa agraria; de actualización e perfeccionamento profesional do sector agroforestal, ou a formación exixible de acordo coa normativa específica, que inclúe a capacitación de persoas tomadoras de mostras de leite cru nas explotacións, das que manipulan e aplican produtos fitosanitarios ou en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras.

Por outro lado, nas especialidades recóllense as materias relacionadas coa capacitación do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 400.000 € NAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PONTE DE ACCESO Á ILLA DAS GORITAS, NO PORTO DE CAMBADOS

Os traballos permitirán aumentar a vida útil desta infraestrutura e manter a súa capacidade coa reparación das zonas que presentan corrosión

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, investirá 400.000 na rehabilitación e aumento da vida útil do acceso á illa das Goritas, no porto de Cambados. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, deu traslado ao Consello da Xunta da adxudicación das obras que posibilitarán a normal circulación de vehículos pesados e utilitarios cara á explanada e os pantaláns da illa das Goritas.

Os traballos permitirán recuperar anos de vida útil da ponte das Goritas, no porto de Cambados e manter a súa capacidade inhibindo a corrosión que presenta en zonas da estrutura e vigas. Para iso os traballos que se deberán executar serán a reposición da viga 4 do van 3 da ponte e a limpeza, saneamento, reconstrución con morteiro e aplicación de inhibidor de corrosión e morteiro de impermeabilización elástico sobre toda a superficie do formigón.

Polo que respecta ao desenvolvemento da obra, que terá un prazo de execución de 6 meses, comezará coa instalación dunha estada que permita o acceso á cara inferior do taboleiro. Realizarase entón a substitución da viga 4 do van 3. Para isto, será preciso o corte do subministración eléctrica para iluminación pública e a retirada de varandas e farois. A continuación procederase á limpeza mediante auga a presión e realizarase entón o corte da lousa permitindo o solape das armaduras novas coas existentes. Retirarase a viga e instalarase unha nova prefabricada, que será unida ao resto da estrutura. Posteriormente, realizarase o pavimento da beirarrúa, repoñeranse as varandas e farois e reconectarase a iluminación.

Nas restantes vigas realizarase unha identificación visual e mediante golpeo das zonas con formigón deteriorado. Sanearase e demolerase a zona danada mediante martelo picador manual e aplicarase morteiro. Posteriormente, aplicarase un inhibidor da corrosión en todos os paramentos de formigón, vigas, cara inferior do taboleiro e cantos laterais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ CASE 320.000 € NA REPOSICIÓN DA CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DOS DEPARTAMENTOS DO PORTO DE FISTERRA

Os traballos permitirán renovar a envolvente do edificio, afectada pola súa exposición ao ambiente mariño, e durante a súa execución instalaranse provisionalmente contedores marítimos para uso dos titulares dos locais actuais

Portos de Galicia, ente público adscrito á Consellería do Mar, investirá 318.000 euros na reposición da cuberta e acondicionamento do edificio dos departamentos no porto de Fisterra. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, deu traslado ao Consello da Xunta da adxudicación das obras previstas para dar resposta ás necesidades do sector profesional fisterrán.

As obras consisten na reposición da actual cuberta para evitar a filtración de humidades e o acondicionamento dos elementos metálicos do conxunto da envolvente, dado o estado de corrosión que xera a súa forte exposición ao ambiente mariño. Ademais, executarase unha nova rede soterrada de evacuación das augas pluviais e substituiranse os canlóns e baixantes.

Dado que os departamentos teñen que atoparse baleiros para a execución dos traballos previamente ao inicio destes procederase á instalación provisional duns contedores marítimos na contorna do edificio, para uso dos usuarios dos departamentos, permitíndolles así proseguir coa súa actividade.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 5 meses e con esta actuación Portos de Galicia mellorará as condicións de traballo dos profesionais que desenvolven a súa actividade no porto de Fisterra, recuperando a estanquidade nos locais de que dispoñen para almacenamento de utensilios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA NOMEA OS 12 EXPERTOS DO NOVO CONSELLO ASESOR DE I+D+i PARA REFORZAR O AVANCE DE GALICIA NESTE EIDO

- Entre os integrantes están profesionais de recoñecido prestixio con traxectorias de éxito que representan as distintas partes do ecosistema público e privado
- O seu labor será asesorar, propoñer e avaliar as políticas públicas nun momento de crecemento da I+D+i galega, no que se están acadando importantes fitos
- Ángel Carracedo, Concepción Paz, Eva Poveda, Minia Manteiga e Senén Barro proceden da investigación; Jorge Barrero, Cuqui Silva e Paloma Domingos, das políticas públicas, e Jesús Lago, Santiago Domínguez, Sara Rodríguez e Sonia Martínez chegan desde a innovación, a empresa e o emprendemento

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o novo Consello asesor en investigación e innovación de Galicia, un órgano que estará formado por 12 expertos de recoñecido prestixio en I+D+i tanto en Galicia como no exterior. A súa función será asesorar o Goberno autonómico nesta materia co obxectivo de reforzar o avance neste eido nun momento en que a Comunidade despunta en ámbitos como a biotecnoloxía, a intelixencia artificial ou a computación cuántica e acada numerosos fitos.

Para posicionar a Galicia como unha rexión de referencia a nivel internacional e impulsar aínda máis a ciencia e a innovación concretada na marca I+G+i, a Xunta decidiu reformular este órgano adscrito á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a través da Lei de medidas fiscais e administrativas deste ano cunha nova estrutura.

Agora, unha vez realizados os nomeamentos dos seus membros, empezará a funcionar nas vindeiras semanas co foco posto na investigación, na transferencia de coñecemento, na valorización de resultados e na innovación tecnolóxica e empresarial. De feito, un dos seus primeiros cometidos será participar na elaboración da nova Lei de ciencia e innovación de Galicia.

O Consello Asesor de I+D+i, con mandatos por catro anos prorrogables, está formado por 12 profesionais de traxectoria contrastada a nivel científico, tecnolóxico, empresarial e de políticas públicas, garantindo así unha representación equilibrada e moi variada diversidade de perfís que reflicten a pluralidade do ecosistema galego de I+D+i.

Ciencia, tecnoloxía, empresa e políticas públicas

As persoas que forman parte deste organismo, ademais do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, e da directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Coteló, son cinco do eido da investigación, tres das políticas públicas e catro do ámbito da innovación, empresa e emprendemento. Contan con carreiras aplaudidas en Galicia, no resto de España e no estranxeiro e apóstase por un equilibrio na composición con seis mulleres e seis homes.

Do campo da investigación proceden o catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela e director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, Ángel Carracedo; a catedrática de Enxeñaría Mecánica, Maquinas e Motores Térmicos e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fluídos da Universidade de Vigo, Concepción Paz; a directora científica do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, Eva Poveda; a primeira catedrática de Astrofísica de Galicia e presidenta da Sociedade Española de Astronomía, Minia Manteiga, e o catedrático de Intelixencia Artificial da Universidade de Santiago e director científico do CiTIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes), Senén Barro.

Da área das políticas públicas de I+D+i son o director xeral da Fundación Cotec para a Innovación, Jorge Barrero; o enxeñeiro agrónomo e exdirector xeral de Agricultura e de Investigación da Comisión Europea, Cuqui Silva, e a doutora en Informática, licenciada en Física e directora adxunta da Fundación Xeral do CSIC, Paloma Domingos.

No eido da innovación, empresa e emprendemento, participan o director xerente do centro tecnolóxico Aimen e presidente da rede Atiga, Jesús Lago; o cofundador e CEO de Mestrelab Research, Santiago Domínguez; a CEO da empresa líder en maquinaria para a industria conserveira Hermasa Canning Technology, Sara Rodríguez, e a doutora en Bioloxía Molecular e fundadora de Batea Oncology, Sonia Martínez.

Tarefas do novo Consello Asesor

Entre as súas funcións destacan a elaboración de recomendacións e informes de seguimento sobre o Plan galego de investigación e innovación 2025-27, a avaliación da execución e os resultados das políticas científicas e de innovación, e o fomento da transferencia bidireccional de coñecemento entre o ámbito investigador e o tecido produtivo, entre outras. Un dos seus primeiros labores será participar activamente na elaboración da Lei de ciencia e innovación de Galicia, que actualizará e reforzará o modelo integrado de I+D+i da Comunidade adaptándoo aos novos retos tecnolóxicos e sociais.

Sucesión de fitos na I+G+i

A I+D+i galega acumula numerosos logros e fitos recentemente. Os dous últimos tiveron lugar a semana pasada, coa concesión o venres dunha das seis novas fábricas de intelixencia artificial de toda Europa ao Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), cun orzamento de 82 M € e que acelerará a investigación e a innovación no ámbito da saúde. Un día antes, o xoves, púxose en funcionamento a liña de comunicación cuántica máis longa de España, a que une Santiago e Vigo desde o Cesga ao Vigo Quantum Communication Center, logrando un fito histórico para a ciberseguridade nacional.

Estes dous acontecementos son mostra do traballo da I+G+i, que nos últimos anos está vivindo un importante crecemento, tanto no número de persoas dedicadas á investigación (14.000 actualmente) como no investimento, que aumentou un 28 %, o dobre que no conxunto de España, o que fai de Galicia a comunidade que máis medra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA É A COMUNIDADE QUE MÁIS REDUCIU O RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL NO ÚLTIMO ANO

- Preto de 180.000 persoas saíron da súa situación de vulnerabilidade en 2024 e reduciuse a taxa Arope ao 18,8 %, sete puntos por debaixo da media nacional
- A nosa comunidade tamén ten a porcentaxe máis baixa de pobreza infantil, cun 16 %, moi inferior ao máis do 34 % que rexistra o conxunto de España.

Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma en que máis diminuíu o risco de pobreza e exclusión social no ano 2024, cunha baixada de 6,7 puntos, o que permitiu que preto de 180.000 persoas saíran desta situación. Así se recolle nun informe sobre este ámbito elaborado pola Consellería de Política Social e Igualdade do que esta mañá se deu conta no Consello da Xunta no marco da conmemoración, o vindeiro venres 17, do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza.

O estudo toma como referencia a Enquisa de condicións de vida anual que publica o Instituto Nacional de Estatística (INE) e abrangue o período 2019-2024. Os datos reflicten unha importante melloría nos indicadores que miden a situación de vulnerabilidade das familias galegas, así como que Galicia está nunha situación máis favorable no combate contra a pobreza que o resto de España.

Así, a taxa Arope –que avalía o risco de pobreza e/ou exclusión– sitúase na nosa comunidade no 18,8 %, sendo sete puntos inferior á da media nacional. Esta porcentaxe é máis baixa rexistrada, non só nos últimos seis anos, senón desde que se comezou a medir, no ano 2015.

Cumpridos os obxectivos da ONU

Esta evolución positiva tamén se dá na poboación infantil, cunha taxa Arope do 16 %, a máis baixa de España e moi por debaixo da media do resto das comunidades, que supera o 34 %. Neste caso, Galicia tamén é a comunidade autónoma que máis a reduciu no último ano, case 10 puntos porcentuais. Ademais, é a única que acada os obxectivos de desenvolvemento sustentable fixados por Nacións Unidas (ONU).

Outro indicador do informe que revela os avances da nosa comunidade na loita contra a pobreza é a baixada á metade da porcentaxe de poboación en condicións de carencia material severa, ata situarse no 4,8 %. Este dato coloca a Galicia moi por debaixo da media nacional, que supera o 8 %.

Así mesmo, o estudo apunta que entre os anos 2019 e 2024, Galicia diminuíu en case cinco puntos a porcentaxe de fogares con baixa intensidade laboral, sendo na actualidade do 7 %, un punto por debaixo da media nacional. Este é o valor máis baixo na serie histórica deste indicador desde 2014.

A Xunta entende que a melloría nas condicións de vida que se conclúe deste informe responde ao impulso que nos últimos anos están a ter as medidas de apoio tanto aos colectivos máis desfavorecidos como ás familias e á infancia. Nesta liña, o Executivo autonómico seguirá reforzando as axudas a concellos e entidades para o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de programas de inclusión social, apostando pola gratuidade das escolas infantís ou pola tarxeta benvida, entre outras iniciativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA VAI REORIENTAR PARTE DOS FONDOS FEDER PARA DESTINALOS Á RECONSTRUCCIÓN DAS ZONAS AFECTADAS POLA VAGA DE LUMES

- Asegura que se destinarán 30 M€ á restaurar infraestruturas públicas, substituír equipamento danado ou construír e mellorar as bases aéreas para a loita contra incendios
- Enmárcase nunha reprogramación máis ampla dos programas Feder e FSE+ para adaptalos ao novo contexto europeo
- Galicia reorienta máis do 10 % dos recursos do Feder cara ás novas prioridades estratéxicas, entre elas a vivenda accesible, a innovación tecnolóxica, as capacidades de defensa e uso dual e a resiliencia hídrica
- O FSE+ incorpora novas actuacións orientadas ao desenvolvemento de capacidades e cualificacións vinculadas ás tecnoloxías estratéxicas da UE e no ámbito da vivenda accesible
- Salienta que Galicia é a comunidade máis avanzada nesta reprogramación de fondos europeos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou “reprogramar unha parte” dos recursos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) á reconstrución das zonas afectadas pola vaga de incendios forestais na comunidade e destinar 30 millóns de euros a actuacións nestas comarcas.

Unha medida que se enmarca nunha reprogramación máis ampla dos programas Feder e FSE+ de Galicia do período 2021-2027 para adaptalos ao novo contexto europeo e global, cos obxectivos de reforzar a competitividade económica, reducir as dependencias externas, a promoción da innovación e o avance na descarbonización. A modificación dos programas dos fondos europeos de cohesión foi consensuada coa Comisión Europea e responde ao novo marco establecido polo Regulamento (UE) 2025/1914, que permite reorientar recursos de cohesión cara ás novas prioridades da Unión Europea.

Entre as novidades máis destacadas figura a incorporación do mecanismo Restore (Apoio rexional urxente para a reconstrución), previsto no Regulamento (UE) 2024/3236, que permitirá destinar o 3 % da axuda Feder a actuacións de rehabilitación e recuperación nas zonas afectadas polos incendios forestais deste pasado verán. En concreto, segundo explicou Rueda, vanse destinar 30 millóns de euros á “reconstrución de infraestruturas públicas” e ambientais danadas, á restauración hidrolóxica e ambiental, á “substitución de equipamento danado” (motobombas, vehículo, etc...) e a actuacións para mellorar a prevención e adaptación ao cambio climático, que inclúen, entre outras, bases de uso restrinxido para medios aéreos, instalacións loxísticas e de coordinación de emerxencias. Deste xeito, contribúese a unha recuperación rápida, sustentable e resiliente das áreas afectadas.

Nesta liña, o presidente indicou que parte destes fondos se dedicarán a acondicionamento e construción de infraestruturas no aeródromo de Antela, no concello de Sandiás, á construción da base aérea de Setecoros, no concello de Valga, e á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción e acondicionamento de infraestruturas na base aérea de Campiño, en Pontevedra.

No caso do Programa Feder, a proposta de modificación será aprobada pola Comisión Europea nas vindeiras semanas e nela reorientanse recursos cara a novas prioridades como o apoio á investigación e innovación en tecnoloxías estratéxicas, o reforzo das capacidades industriais en materia de defensa e uso dual, a promoción da resiliencia hídrica, a xestión sustentable da auga e, fundamentalmente, o impulso ao acceso a unha vivenda accesible e sustentable.

Así mesmo, refórzanse as medidas destinadas á mellora da competitividade e descarbonización do sector do automóbil, como industria estratéxica da economía galega. Estas medidas están plenamente aliñadas coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia e intégranse no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, a Iniciativa estratéxica en aeroespazo, seguridade e defensa 2025-2030, a planificación relacionada co ciclo da auga, o Plan director da automoción 2025-2027 e a Estratexia galega de solo residencial, cuxo obxectivo é ampliar a oferta de vivendas e duplicar o parque público residencial nos vindeiros anos.

Anticipos adicionais do 1,5 %

A modificación do programa Feder cara ás novas prioridades implica recibir un anticipo adicional do 1,5 % do total ao superar o 10 % do programa e a ampliación do período de elixibilidade do gasto nun ano ata o 31 de decembro de 2030. Ademais, incrementase en 10 puntos a cofinanciación europea nas novas prioridades, ata o 70 %, e anticipase o 20 % das cantidades asignadas a esas novas prioridades.

Por outro lado, a modificación do Programa FSE+ de Galicia, xa aprobada pola Comisión Europea en xullo, incorpora novas actuacións orientadas ao desenvolvemento de capacidades e cualificacións vinculadas ás tecnoloxías estratéxicas da UE, ademais de incorporar unha nova medida no ámbito da mellora da accesibilidade á vivenda.

Isto supón, que dos case 1.400 millóns de euros que Galicia ten asignados nos programas Feder e FSE+, agora case 118 millóns poderán destinarse agora a outros eidos para facer fronte a novos retos e desafíos.

En definitiva, a nosa comunidade reafirma o seu compromiso co proxecto europeo, aproveitando a flexibilidade do marco financeiro para avanzar cara aos novos desafíos de Galicia e a Unión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA A DIXITALIZACIÓN DOS CONCELLOS DE GALICIA A TRAVÉS DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS QUE PON Á SÚA DISPOSICIÓN SEN CUSTO

- O Goberno galego destina 4,6 M € para que poidan dispoñer de servizos tecnolóxicos, capacitación dixital da cidadanía e ciberseguridade
- O Consello recibiu hoxe un informe sobre o desenvolvemento e a cooperación dixital coas entidades locais galegas
- Concellos e deputacións teñen acceso, sen custo pola súa parte, a máis de 25 servizos de administración dixital proporcionados pola Xunta
- As ferramentas que a Xunta proporciona permiten, entre outros aspectos, que as entidades locais empreguen os sistemas de identificación dixital ou notificacións electrónicas, usar o Nodo de Contratacións Públicas, xestionar axudas á dependencia ou consultar información urbanística

Todos os concellos e deputacións de Galicia empregan en maior ou menor medida os servizos e ferramentas que a Xunta pon á súa disposición nun modelo de gobernanza dixital compartida, que representa un investimento estimado de máis de 4,6 millóns de euros anuais. Un 34,76 % dedícanse a servizos de ciberseguridade, un 40,17 % a desenvolvemento de sistemas e servizos dixitais e un 25,08 % á rede de aulas CeMIT para a capacitación dixital da cidadanía.

O Consello de Goberno recibiu hoxe un informe en que se detalla o grao de desenvolvemento destes servizos, así como todas as liñas de colaboración coas entidades locais de Galicia.

Os servizos ofertados pola Xunta están recollidos nun catálogo e non supoñen un custo engadido para estas entidades. Ata agora, os concellos e deputacións puideron utilizalos mediante a súa adhesión previa aos diferentes convenios que articulan esta colaboración institucional. Proximamente asinarase un novo acordo coa FEGAMP no que se incluírán conxuntamente servizos do catálogo que ata o de agora se recollían en diferentes documentos.

Os 313 concellos de Galicia teñen acceso á Rede corporativa da Xunta, así como á Historia social única electrónica e ao Sistema de información para a xestión de axudas á dependencia (SIGAD). Practicamente todos (306) utilizan o Sistema de información de usuarios de servizos sociais de Galicia.

É tamén significativo o uso do Rexistro de licenzas e autorizacións interurbanas de taxi da Comunidades Autónoma de Galicia, do que dispoñen 310 dos 313 concellos da Comunidade Autónoma.

Entre os servizos relacionados co propio traballo administrativo, destaca o uso da Plataforma de contratos públicos de Galicia por parte de 259 entidades locais. Máis de 200 entidades, entre as que se atopan medio centenar de oficinas de rexistro, empregan os servizos de identidade dixital proporcionados pola Xunta. Hai tamén 200 entidades locais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na plataforma pasaXe!, que permite operacións entre varias administracións, e 124 que empregan o sistema de licitación electrónica SiLEX. Resulta tamén salientable que 76 administracións locais envían as súas notificacións á cidadanía a través do sistema autonómico Notifica.gal.

No resto dos servizos públicos, destaca o uso do Catálogo colectivo da Rede pública de bibliotecas de Galicia por parte de 215 concellos e 273 centros de lectura. O Rexistro de informe de avaliación de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia é usado por 136 concellos, 110 entidades locais empregan o Rexistro das policía locais de Galicia e 84 dispoñen do sistema de xestión de centros de información á muller.

Entre os convenios específicos para o acceso aos diferentes servizos ou ferramentas tecnolóxicas atópase tamén o que permite manter unha rede de aulas CeMIT para a capacitación dixital da cidadanía en 90 concellos de Galicia.

Por outra banda, a Xunta tamén pon á disposición das entidades locais servizos desenvolvidos por outros organismos, como as comunicacións telemáticas coa Administración de xustiza (LexNet); a presentación de atestados policiais (HERMES); o Sistema de Información de Xestión do Rexistro Civil (DICIREG); a Infraestrutura e Sistemas de Documentación Electrónica (INSIDE); o portal de consulta de obras (IOCOAG Colexio de Arquitectos de Galicia); ou as consultas cos colexios de Arquitectura Técnica da Coruña e Pontevedra (COATAC e COATPO).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ATENCIÓN PRIMARIA CUNHA GUÍA PARA A ABORDAXE ESPECÍFICA DE ASPECTOS DIFERENCIAIS DAS MULLERES

- O Servizo Galego de Saúde facilitará este documento de apoio a profesionais para visibilizar a morbilidade diferencial das mulleres e as súas necesidades específicas
- O documento céntrase na atención primaria como principal ámbito de promoción da saúde
- Identifica factores de risco específicos como a diabetes xestacional, menopausa prematura ou síndrome do ovario poliquístico para desenvolver enfermidades cardiovasculares
- Subliña a necesidade dunha abordaxe específica da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica para as mulleres
- Sinala a maior proporción de enfermidades reumatolóxicas nas mulleres ou de anemia ferropénica
- Segundo a Enquisa de saúde en España, os homes teñen unha valoración máis positiva do seu estado de saúde que as mulleres: 65,3 % fronte ao 54 %
- Galicia xa conta cun programa de disfuncións do solo pelviano, unha prestación única no Estado que atendeu máis de 20.000 mulleres nos centros de saúde
- As unidades de saúde bucodental en primaria realizaron o ano pasado preto de 30.000 consultas durante o embarazo

A Xunta reforzará a perspectiva de xénero nos servizos de atención primaria da sanidade pública a través dunha guía de apoio a profesionais do Servizo Galego de Saúde na cal se recompilan as especificidades do sexo feminino en enfermidades respiratorias ou na súa saúde reprodutiva, entre outros ámbitos.

Tal e como se recolle no documento presentado hoxe pola Consellería de Sanidade no Consello da Xunta, o fomento dos programas dirixidos ás mulleres é unha das liñas de actuación prioritarias recollidas na Estratexia galega de saúde 2030. Neste sentido, a atención primaria configúrase como o principal ámbito responsable da organización e coordinación da atención sanitaria en todas as etapas da vida e, polo tanto, é a base para mellorar a saúde da poboación en xeral e das mulleres en particular.

Como introdución, preséntanse datos epidemiolóxicos diferenciais entre mulleres e homes en relación coa percepción do seu estado de saúde. Segundo a Enquisa de saúde en España do Instituto Nacional de Estatística de 2023, mentres que un 65,3 % dos homes ten unha valoración positiva, a cifra baixa ao 54 % no caso das mulleres.

Ademais, as enquisas que o Observatorio de Saúde Pública de Galicia difunde apuntan a distintos estilos de vida que son factores de protección ou causas de problemas de saúde. Por exemplo, os homes afirman ter consumido en maior proporción, no último ano, alcohol (83,22 %) e tabaco (44,49 %) que as mulleres (67 % no caso do alcohol e 32,28 % no do tabaco). Elas son máis sedentarias ca eles, un 43,66 % as mulleres fronte a un 38,73 % os homes. E aínda que a prevalencia de obesidade é similar (16,51 % de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

media), os casos de sobrepeso son maiores en homes (46,04 % fronte ao 34,33 % das mulleres).

Diferenzas anatómicas, xenéticas e hormonais

O documento recolle referencias ás evidencias científicas que describen os factores de morbilidade diferencial entre mulleres e homes en determinadas enfermidades.

A guía apunta a necesidade dunha abordaxe específica da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) para as mulleres. Precisamente, para difundir as outras diferenzas sobre a EPOC e implicar as pacientes na súa propia saúde, a Consellería de Sanidade está a proxectar nas pantallas dos centros de saúde un vídeo divulgativo sobre as mulleres e esta patoloxía.

Do mesmo xeito, o documento que se divulgará entre os profesionais de atención primaria reitera factores de risco de desenvolver enfermidades cardiovasculares que son específicos das mulleres, como ter diabetes xestacional, menopausa prematura ou síndrome do ovario poliquístico, entre outros.

Ademais, con respecto aos homes, as mulleres teñen un maior risco de ictus ao longo da súa vida, concentrado en tres etapas: o período fértil, a posmenopausa e a idade avanzada. O ictus agudo é infradiagnosticado en mulleres principalmente pola maior presenza de síntomas que non adoitan presentar os homes e que poden dificultar o diagnóstico (cefalea, fatiga, desorientación, debilidade, alteracións visuais inespecíficas, perda de coñecemento ou alteracións do estado mental).

Con respecto a enfermidades reumatolóxicas, a probabilidade de padecer artrite reumatoide é 2,5 veces superior nas mulleres. No caso de enfermidades reumáticas autoinmunes sistémicas, a proporción de pacientes é de dez mulleres por cada home e, en relación coa fibromialxa, de máis dun millón de pacientes en toda España, son mulleres entre o 90 e o 95 % dos casos.

Saúde menstrual e durante o embarazo

Ademais de promover a información en saúde menstrual nos centros de atención primaria, o documento lembra a maior proporción de anemia ferropénica nas mulleres e promove actuacións encamiñadas a manter e fomentar un estado integral de benestar físico, mental e social, e non centrarse só nas enfermidades relacionadas co ciclo menstrual.

Outro aspecto que se aborda de forma específica é a saúde bucodental das embarazadas co fin de reforzar o autocoidado xa que durante a xestación se producen cambios fisiolóxicos e hormonais que, unidos á acumulación de placa dental, frecuentemente traen consigo as primeiras manifestacións de enfermidade periodontal, que favorecen a aparición de patoloxía bucodental como a xenxivite gravídica ou a epúlde gravídica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Durante o ano 2024, foron atendidas nos seus centros de saúde 8.757 mulleres, o que supuxo realizar 29.783 consultas.

Nesta etapa, as matronas prestan unha formación fundamental en materia de educación sanitaria prenatal ou maternal. A nivel individual e en grupos, axudan a afrontar de maneira positiva o traballo de parto, proporciona ferramentas ás parellas, de ser o caso, para realizar un acompañamento durante o proceso de parto e nacemento e facilita a vivencia positiva do embarazo e do nacemento. Todo isto incrementa o sentimento de confianza das mulleres en si mesmas a medida que se achega o momento do nacemento.

Por outro lado, Galicia atendeu xa máis de 20.000 mulleres desde que en 2017 se puxo en marcha un programa estruturado de abordaxe das disfuncións do solo pelviano feminino en atención primaria, que ofrece unha prestación única no Estado. Matronas e fisioterapeutas de atención primaria traballan na prevención de factores de risco e na recuperación da funcionalidade da musculatura do solo pelviano.

Ademais da difusión deste documento dispoñible para todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, tamén se desenvolve anualmente un programa de formación sobre a saúde das mulleres.

Este ano inclúense actividades sobre o solo pelviano, a lactación materna, saúde menstrual, educación sanitaria pre e posnatal, sexualidade en todas as etapas da vida, asesoramento anticonceptivo e abordaxe de patoloxía vulvovaxinal en atención primaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA E ESTENDE DESDE ESTE MES OS CRIBADOS DE CANCRO DE MAMA, DE CÉRVIX E DE COLON A TODOS OS CENTROS PENITENCIARIOS DA COMUNIDADE

- Realizaranse anualmente arredor de 3.600 probas de sangue oculto en feces para o cribado colorrectal e 450 tests de detección do virus do papiloma humano no cribado de colo uterino
- A Consellería de Sanidade reforzará a coordinación cos servizos sanitarios das prisións para a ampliar o cribado para a detección precoz do cancro de mama e chegar a todo o colectivo de mulleres privadas de liberdade
- Prevense realizar 150 mamografías nas unidades de exploración do Servizo Galego de Saúde
- Facilitaranse formacións para os profesionais dos centros penitenciarios que o precisen á hora de realizar as probas do cribado de cérvix
- O Goberno galego afonda na eliminación de barreiras baseadas na situación legal das persoas e universaliza o dereito á saúde
- En 2024, os programas de cribado poboacionais identificaron preto de 900 cancros de mama, máis de 250 colorrectais e arredor de 60 de cérvix, a maioría en estadios iniciais

A Xunta estenderá desde este mes de outubro os programas de detección precoz de cancro de colon e de cérvix aos centros penitenciarios e ampliará o cribado para a detección precoz de cancro de mama para poder chegar a todo o colectivo de mulleres privadas de liberdade.

Así se recolle no informe da Consellería de Sanidade elevado hoxe ao Consello da Xunta no cal se determinan as accións específicas para asegurar á poboación privada de liberdade o dereito á protección da súa saúde.

Deste modo, está previsto distribuír nos cárceres os mesmos dispositivos de autotoma para recollida de mostra fecal que en xeral se envían ao domicilio da poboación albo. A Consellería de Sanidade organizará a posterior remisión ao hospital de referencia para a súa análise. A previsión é analizar 3.600 probas do cribado de cancro colorrectal anualmente.

En canto ao cribado de cérvix, a Xunta apoiará os profesionais do centro cun plan de formación, se é preciso, para que sexa o persoal de enfermaría da prisión quen atenda as mulleres para realizar a recollida de mostra para a posible determinación de virus do papiloma humano (VPH) de alto risco. Os tests remitiranse á unidade de laboratorio do programa, situada no Hospital Universitario Lucus Augusti, para o análise e validación centralizada de resultados. Estímase a realización de 450 probas ao ano para a detección de VPH para o cribado de cancro de colo de útero entre as mulleres privadas de liberdade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a Xunta continuará a coordinación co persoal dos centros penitenciarios a organización dos traslados para que as mulleres privadas de liberdade poidan acudir ás unidades de exploración mamaria do programa de detección precoz de cancro de mama, ampliando este programa co obxectivo de chegar a todo o colectivo de mulleres privadas de liberdade e a previsión de realizar 150 mamografías nas unidades de exploración.

En todos os casos, segundo a persoa teña ou non cobertura na sanidade pública, xestionarase unha posible derivación para realizar probas complementarias, ou ben pola propia Consellería de Sanidade, ou ben directamente polo servizo médico do centro penitenciario.

Esta iniciativa inclúe tamén a planificación da integración dos datos sanitarios na historia clínica electrónica IANUS das persoas con cobertura no Servizo Galego de Saúde e garante o tratamento confidencial da información clínica no caso de persoas sen esta cobertura.

Con esta medida, a Xunta asegura a continuidade asistencial de persoas en situación vulnerable cando se atopan privadas de liberdade. Promóvese, polo tanto, a eliminación de barreiras de acceso ao sistema sanitario e faise efectivo o dereito universal á saúde.

Cancros detectados en estadios iniciais

O programa de detección precoz de cancro con maior participación en toda Galicia é o de mama, que en 2024 chegou ao 84,6 % das mulleres convidadas de 50 a 74 anos.

As mamografías realizadas permitiron detectar o ano pasado preto de 900 cancros. Deles, o 70 % correspóndese con fases precoces ou iniciais e máis do 74 % non presentaron afectación ganglionar ao diagnóstico.

Os resultados do cribado de cancro colorrectal detectaron, só no ano 2024, máis de 250 cancros e preto do 66 % foron identificados en estadios iniciais.

No referido á detección temperá do cancro do cérvix, desde a súa extensión ao conxunto de áreas sanitarias no ano 2023 e ata decembro do ano pasado, a participación efectiva neste cribado acadou o 60 %, diagnosticándose un total de 63 cancros. Do conxunto de lesións detectadas, o 88 % presentaron un estadio I e II.

A Xunta tamén está a desenvolver actualmente programas piloto de cribados de cancro de pulmón e de próstata co obxectivo de avaliar a súa efectividade e a súa posible extensión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA 26 PROXECTOS DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL CUNHA ACHEGA DE MÁIS DE 455.000 €

- O Consello avalía os resultados desta convocatoria de 2025 en que se inclúen 10 entidades locais e outras 16 de carácter asociativo
- A iniciativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, desenvolvida con fondos europeos, mostra as oportunidades do medio rural á mocidade a través da experiencia das persoas maiores
- A liña con maior demanda foi a agroalimentaria, seguida da turística e da referente aos coidados como é o acompañamento no fogar
- En canto ao Voluntariado Ambiental Interxeracional, posto en marcha coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, participan 307 persoas en 22 espazos naturais

A Xunta de Galicia impulsou neste 2025 un total de 26 accións de voluntariado interxeracional no medio rural ao abeiro da convocatoria realizada no marco do proxecto Talento Interxeracional, financiado pola Unión Europea cos fondos NextGeneration, e ao cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinou un orzamento de 455.000 €

Neste senso, inclúense nestas axudas 10 entidades locais e 16 de carácter asociativo que propuxeron iniciativas enfocadas nos obxectivos destas subvencións, cuxa finalidade é recoñecer as posibilidades que ofrece o medio rural e amosar á mocidade as oportunidades de futuro que lles pode achegar a nivel individual e social. Doutra banda, tamén pretende recoñecer a experiencia das persoas maiores en diferentes eidos, así como captar as súas necesidades asistenciais, culturais ou vitais.

Deste xeito, co obxectivo de que as persoas de máis de 55 anos e a xuventude, de entre 16 e 35 anos, traballen conxuntamente en distintas propostas, o programa divídese en cinco liñas de actuación. Así, tendo en conta que cada proxecto podía realizar actividades en ata un máximo de tres liñas, a máis demandada, cun 29,38 %, foi a que ten que ver co eido agroalimentario, promovendo os cultivos ecolóxicos e sustentables baseados na economía tradicional da zona e o impulso de novas iniciativas de proxección no mercado.

Seguidamente, un 27,40 % dos proxectos enfocáronse na promoción do turismo rural e localización de potenciais zonas ou edificacións susceptibles de aproveitamento para esta finalidade. Mentres, un 23,28 % das solicitudes optaron por centrarse no que ten que ver coa identificación de situacións e necesidades de coidados, como o acompañamento e apoio no fogar para persoas que o precisen de maneira puntual, co fin de promover bolsas de emprego con persoas con formación e capacitación para atender os casos localizados.

Ademais, un 12,57 % das iniciativas interesáronse polo ambiente, nomeadamente pola protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas nas zonas especialmente vulnerables desde este punto de vista. No que ten que ver co ámbito dixital, un 7,37 %

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das actividades consistiron no deseño e estruturación de novos modelos tecnolóxicos que atendan as necesidades da área ou melloren os existentes.

Dinamización rural e mocidade

En total, nas 26 iniciativas que recibiron esta subvención no marco do programa Talento Interxeracional, participaron 264 persoas, o 70 % mulleres, co obxectivo máis amplo de dinamizar os concellos menos poboados ao tempo que se melloran as perspectivas laborais da mocidade.

Así, trátase dun proxecto baseado no deseño e estruturación dunha nova economía de coidados que se sustenta na atención centrada na persoa; na recuperación e renovación de actividades e oficios relacionados coa produtividade da zona; no impulso de novas iniciativas locais para xerar produtos de calidade con proxección no mercado; na posta en valor da riqueza ambiental, patrimonial e turística, e na aplicación da tecnoloxía para atender as necesidades do territorio.

300 participantes no Voluntariado Ambiental Interxeracional

Neste contexto, cómpre destacar o programa de Voluntariado Ambiental Interxeracional posto en marcha desde o ano 2021 conxuntamente entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a de Medio Ambiente e Cambio Climático. Integrado desde o 2023 no proxecto Talento Interxeracional, o seu obxectivo é favorecer a protección e preservación do ambiente desde unha perspectiva de sensibilización e educación ambiental en enclaves pertencentes á Rede galega de espazos protexidos e nas reservas de biosfera da Comunidade.

Na edición deste 2025, distribuída en 28 quendas de voluntariado durante as fins de semana desde maio a outubro, participaron un total de 307 persoas que desenvolven en 22 espazos naturais tarefas que teñen que ver coa limpeza e eliminación de lixo de praias, ríos ou montes, o coñecemento dos ecosistemas ou a visibilización mediática de rutas no medio natural.

Trátase dunha iniciativa que procura fomentar a cooperación e a solidariedade desde unha perspectiva interxeracional entre persoas maiores e mozas nun marco de convivencia respectuosa e intercambio de vivencias, especialmente en contornas naturais protexidas que destacan polos seus valores ambientais e a súa biodiversidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DOTARÁ AS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DUN PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E SEGUIMENTO ANTE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA NOS DOMICILIOS

- Rueda destaca que o obxectivo “é protexer” a estas profesionais ante calquera tipo de violencia que “poidan sufrir no eido laboral sexa física, psicolóxica ou sexual”
- O documento foi elaborado polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, coa colaboración da Consellería de Política Social e Igualdade, baixo a petición unánime da mesa de traballo impulsada pola Fegamp
- Con este protocolo, que agora será posto á disposición da devandita mesa, Galicia dá un paso decisivo ofrecendo aos concellos, responsables do servizo, e ás empresas unha ferramenta para avanzar na seguridade e saúde laboral das traballadoras
- Entre as medidas recollidas, o documento actúa de forma estratéxica sobre tres eixes clave: identificar e xestionar os riscos, optimizar a organización do traballo e reforzar a formación das profesionais
- Tamén subliña a importancia de rexistrar e dar seguimento a todos os incidentes, de forma que poidan ser avaliados pola empresa prestadora do servizo e, se é necesario, coordinados coa Administración local para adoptar medidas correctoras

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu o visto e praxe un novo protocolo “para protexer aos traballadores do Servizo de Axuda no Fogar ante calquera tipo de violencia que poidan sufrir no eido laboral sexa física, psicolóxica ou sexual”.

Trátase dun documento elaborado polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) —en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade— e por petición unánime da mesa de traballo impulsada pola Fegamp, en que participan tamén a Xunta, as organizacións sindicais e empresariais e o Colexio Oficial de Traballo Social. “Imos colaborar conxuntamente cos concellos para poder implantalo canto antes”, indicou.

Con esta proposta de protocolo —que será posta á disposición da devandita mesa— Galicia dá un paso decisivo nas políticas preventivas do SAF, ofrecendo aos concellos —responsables da súa xestión e contratación— unha ferramenta consensuada que, permitirá avanzar na prevención, detección e resolución de conflitos que poidan xurdir no desenvolvemento do traballo nos domicilios dos usuarios.

O documento, en que tamén se tiveron en conta achegas previas do sector, ten en conta o perfil feminizado da actividade e a realidade específica do traballo nos pequenos concellos do medio rural, onde o acompañamento técnico e organizativo resulta esencial. Entre as medidas recollidas, o protocolo actúa de forma estratéxica sobre tres eixes clave: identificar e xestionar os riscos, optimizar a organización do traballo e reforzar a formación das profesionais, convertendo estes elementos na base dunha protección efectiva. O seu obxectivo é reforzar a seguridade e a saúde laboral das traballadoras, ao tempo que contribúe á mellora dos servizos de atención no fogar,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poñendo o acento na calidade, na prevención e no recoñecemento social dun labor imprescindible para o coidado das persoas no seu propio domicilio. Cómpre sinalar que, complementariamente, o Issga reforzará no seu plan de actuación 2026 as accións de sensibilización e información tanto deste protocolo como doutros riscos propios do sector.

Principais medidas de prevención

O documento elaborado polo Issga permitirá que as entidades locais e as empresas prestadoras do servizo poidan cumprir de maneira máis eficaz as súas obrigas en materia de seguridade e saúde laboral. Ofrece recomendacións e directrices que abranguen desde a prevención ata a intervención e o seguimento ante diferentes formas de violencia laboral externa, entendida como calquera comportamento ou ameaza que poida causar dano físico, psicolóxico, sexual ou económico, incluíndo a violencia por razón de xénero e o acoso sexual.

Entre as medidas recollidas, destácase a importancia da contorna de traballo, da organización das tarefas e da formación específica como eixes fundamentais para minimizar riscos e mellorar o desempeño profesional. Así, propón garantir espazos seguros establecendo criterios sobre a presenza de persoas conflitivas durante o servizo, realizar avaliacións de riscos, ofrecer información precisa ás persoas usuarias e familiares e reforzar o apoio técnico nos casos de maior complexidade.

No relativo á seguridade, recoméndase, entre outras cuestións, manter operativo o teléfono móbil durante toda a xornada, prever acompañamento temporal cando as circunstancias o requiran, fortalecer a coordinación cos servizos sanitarios e incrementar o seguimento en domicilios con antecedentes de conflito. No ámbito da formación, o protocolo subliña a importancia de dotar as traballadoras de coñecementos e habilidades específicas en materia de prevención da violencia, comunicación efectiva, resolución de conflitos e control da tensión. Deste modo, o persoal poderá desenvolver o seu labor con maior seguridade, confianza e capacidade de resposta ante situacións adversas.

Procedemento de actuación fronte a situacións de violencia

No ámbito das actuacións fronte a situacións de violencia, o protocolo establece un sistema progresivo que vai desde a prevención ata a resposta ante agresións. Inclúe pautas para anticipar riscos, manter a calma e reconducir conflitos, así como actuacións específicas cando a tensión aumenta ou se produce unha agresión, priorizando sempre a integridade física e emocional das profesionais. O documento subliña tamén a importancia de rexistrar e dar seguimento a todos os incidentes, de forma que poidan ser avaliados pola empresa prestadora do servizo e, se é necesario, coordinados coa Administración local para adoptar medidas correctoras. Este enfoque permitirá mellorar continuamente as medidas preventivas, garantir actuacións proporcionadas en cada fase do conflito e consolidar unha cultura de protección e seguridade efectiva no ámbito do servizo de atención no fogar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DE TITORÍA E ASESORAMENTO DA XUNTA PARA FACILITAR A REMUDA XERACIONAL NO AGRO BENEFICIOU XA MÁIS DE 540 PERSOAS

- O Consello avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta iniciativa, en que participaron un total de 48 titores, todos eles profesionais das oficinas rurais repartidas polo territorio galego
- O programa de titoría continúa durante 3 anos logo da aprobación da axuda para a incorporación á actividade agraria coa realización de actividades de asesoramento en grupo, demostracións e visitas a explotacións.
- A maiores, tamén se presta asesoramento para a incorporación á actividade agraria a través do Banco de explotacións, posto en marcha pola Xunta en febreiro deste ano

O programa de titoría desenvolvido pola Consellería do Medio Rural para fomentar e facilitar a remuda xeracional no agro galego beneficiou un total de 544 persoas solicitantes da axuda para a incorporación no ano 2024, que son atendidas e acompañadas no seu proceso de incorporación á actividade agraria por 48 titores, profesionais das oficinas rurais dependentes da Xunta.

Son datos dun informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego sobre esta iniciativa, que ten continuidade no ano 2025 mediante a realización de reunións, formación, actividades de demostración, visitas a explotacións, así como actividades de asesoramento en grupo especificamente dirixidas ás persoas que se incorporaron e recibiron axuda da Consellería na convocatoria de 2024.

A nivel provincial, organizáronse catro xornadas informativas, unha por provincia, en que participaron un total de 154 titorizados. A nivel comarcal, fixéronse 15 reunións, unha por comarca, coa participación de 258 titorizados. Con respecto ás actividades de asesoramento en grupo, neste ano está programada a realización de 33 accións, parte delas feitas e outras que se están realizando, que se centran na nutrición sustentable dos solos agrarios e a xestión de xurros e esterco da explotación. Delas, ata o de agora realizáronse 20 nas provincias da Coruña e Lugo, ás cales asistiron un total de 88 persoas mozas e novas agricultores.

Programa e proceso de titoría

O programa de titoría para a incorporación á actividade agraria recolle as funcións do persoal titor, entre as cales se atopan as de apoiar na elaboración do plan empresarial, elaborar o itinerario formativo e visitar as explotacións.

O proceso de titoría iníciase no momento en que a persoa interesada solicita a axuda para o establecemento de persoas agricultoras mozas ou de persoas agricultoras novas e remata 36 meses logo da concesión da axuda. Articúlase en varias fases, que abranguen desde a solicitude de incorporación ata o informe final do programa de titoría, pasando polo estudo do plan empresarial e de investimentos e a elaboración do itinerario formativo, entre outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Banco de explotacións

A maiores, tal e como se recolle no informe avaliado hoxe polo Consello, tamén se presta asesoramento para a incorporación á actividade agraria a través do Banco de explotacións, posto en marcha en febreiro deste ano. Así, o persoal técnico das oficinas rurais informa e asesora tanto as persoas interesadas na presentación de solicitudes para incluír unha explotación no Banco como tamén as que queren acceder a unha explotación das que se ofertan. No que vai de ano recibíronse 11 solicitudes de inclusión de explotacións no Banco e sete propostas de persoas interesadas en xestionar unha explotación do Banco.

De cara a 2026, prevese publicar no vindeiro mes de novembro as bases reguladoras das axudas para sucesión de explotacións agrarias, que contarán cun orzamento de 2,1 millóns de euros para o período de programación do Plan estratéxico da PAC, PEPAC (2023-2027). A persoa beneficiaria desta axuda será aquela que ceda a súa explotación por venda e/ou arrendamento. O importe da achega dependerá da dimensión económica da explotación e estará arredor dos 30.000 euros, repartidos nun período de cinco anos.